

INTRODUCCIÓN

A economía ambiental está chegando á súa madurez. Hai aproximadamente corenta anos xurdiu como unha rama crítica da economía convencional pero carecía aínda de fundamentación científica sólida e, o máis importante, de capacidade para espertar o interese das institucións públicas e privadas sobre os seus enunciados. Co tempo, a súa análise fíxose máis rigorosa, e un número crecente de países, incluída a Unión Europea no seu conxunto, teñen comezado a aceptar os seus enfoques globais e a súa perspectiva social, incorporándoos na avaliación de proxectos e políticas.

As bases da economía ambiental descansan na lóxica máis simple: a importancia de analizar as causas e as implicacións económicas da degradación ambiental, e a necesidade de deseñar incentivos económicos para frear este proceso. A premisa fundamental da economía ambiental – e paradoxalmente a máis polémica – é que o medio ambiente e a economía non se poden contemplar separadamente, pois cambios nun deles afectan inexorablemente ó outro.

Con este caderno queremos romper o tópico de que a economía tan só se preocupa de fluxos de diñeiro e de intercambios de mercado. En realidade, a premisa dos enfoques máis modernos é que para a economía calquera cambio no noso benestar é un efecto económico, sexa este producido por un ben material ou inmaterial. Neste sentido, o medio ambiente, coma fonte de benestar, é considerado un ben socialmente valioso. Aínda máis, segundo a definición máis estendida, a economía ten como obxectivo a asignación de recursos escasos entre usos alternativos. Así, a medida que os recursos naturais e a capacidade de asimilación dos grandes medios (o aire, a terra ou a auga) se convirten en escasos, é necesario xestionalos adecuadamente para evitar a sobreexplotación e o risco da súa desaparición.

Un exemplo ilustrativo: algunhas persoas sufrimos ante un incendio forestal, pola visión de carballos e castiñeiros carbonizados e da terra cuberta por un manto negro de cinza e baleira de seres vivos. O noso benestar é menor despois dun acontecemento deste tipo. En xeral, o especulador que prende lume ó monte prevé obter – e a maior parte das veces conségueo – beneficios monetarios da súa acción, pero existen prexuízos económicos desa mesma acción, pois afecta negativamente ó benestar doutros individuos da comunidade, de forma que é posible que o balance neto para a sociedade no seu conxunto sexa negativo.

É este balance final o verdadeiro obxectivo do enfoque que presentamos neste caderno, a Economía Ambiental, e defendemos que debe ser este balance social o que debe guiar as decisións, tanto públicas como privadas, relacionadas coa xestión dos recursos.

Por último, unha aclaración necesaria: trátase de integrar o medio ambiente correctamente dentro do pensamento económico, para que a economía poida contribuír á solución e prevención dos problemas ambientais. Estas solucións económicas deben considerarse necesarias pero non suficientes por si soas. Son pois complementarias e non excluíntes doutro tipo de actuacións.

María Xosé Vázquez Rodríguez

